

Informe final de seguimiento do Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024

Datos acumulados 2024

PROGRAMA MARCO DE INTEGRIDADE INSTITUCIONAL E PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN 2021-2024

O 26 de maio de 2021 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024, mediante o que se materializa a estratexia da Xunta de Galicia para o afianzamento da súa política institucional de integridade.

Este programa preveu a posta en marcha, de xeito gradual, de distintas medidas orientadas ao fortalecemento dos sistemas de control interno e infraestrutura ética para o control das actividades máis vulnerables ou sensibles aos riscos de xestión para unha xestión pública eficaz, nun marco de legalidade, transparencia e rendición de contas.

O programa incluíu medidas en seis eixos fundamentais: cultura institucional, ética institucional, recursos humanos e compromiso coa competencia profesional, plans de prevención de riscos de xestión, consolidación da administración dixital e calidade normativa.

Todas as medidas do plan articuláronse nunha planificación temporal que abarca dende a súa aprobación, o 26 de maio de 2021 ata o ano 2024, segundo o cronograma incorporado no propio programa.

O Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>.

SEGUIMIENTO

Coa finalidade de realizar o seguimento detallado do programa, analízanse as accións levadas a cabo dende o momento da súa aprobación ata o remate da súa vixencia, en función dos distintos eixos de actuación previstos e tendo en conta a previsión temporal que se incorporou no propio programa.

Os eixos de actuación previstos no programa son os seguintes:

- Eixo 1: Cultura institucional
- Eixo 2: Ética institucional
- Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional
- Eixo 4: Plans de prevención e xestión de riscos de xestión
- Eixo 5: Consolidación da administración dixital
- Eixo 6: Calidade normativa

Co obxecto de poder contar nun documento con toda a evolución deste programa marco, a análise que se realiza é acumulativa, incluíndose neste informe final o seguimento do programa dende a súa aprobación ata a terminación da súa vixencia, o 31 de decembro de 2024.

Eixo 1: Cultura institucional

A) Obxectivo do eixo

O obxectivo deste eixo é dotar ao sector público autonómico de Galicia dun marco de integridade institucional no que se vele pola observancia dos principios éticos e de bo goberno, se persiga unha actuación exemplar e responsable dos altos cargos e do persoal empregado público e se promova unha cultura de legalidade que desalente dentro da organización as prácticas irregulares, as condutas inapropiadas e toda actuación fraudulenta, incluída a corrupción, e que facilite a súa prevención.

B) Medidas e accións incluídas no eixo: análise de cumprimento

Medidas	Temporalización				Cumprimento
	2021	2022	2023	2024	
Eixo 1: Cultura institucional					
Medida 1.1. Declaración institucional de integridade da Xunta de Galicia					Finalizada
Medida 1.2. Incorporar a integridade institucional na planificación estratéxica					Finalizada
Medida 1.3. Habilitar unha canle específica de denuncias					Finalizada
Medida 1.4. Regulación dos lobbies ou grupos de interese					Non iniciada
Medida 1.5. Regulación unitaria dos conflitos de interese					En curso
Medida 1.6. Formación en materia de integridade					Finalizada
Medida 1.7. Fomento e divulgación da cultura da integridade					Finalizada
Medida 1.8. Creación dos órganos competentes de supervisión e control					Finalizada

Detalle das medidas:

Medida 1.1. Declaración institucional de integridade da Xunta de Galicia

O Consello da Xunta de Galicia adoptou na súa reunión do 10 de decembro de 2021 unha declaración institucional de integridade e compromiso ético, á que pode accederse no seguinte enlace: <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>.

Medida 1.2. Incorporar a integridade institucional na planificación estratéxica

O Consello da Xunta de Galicia deu cumprimento a esta medida mediante a aprobación o 10 de marzo de 2022 do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, que incorpora no seu eixo transversal de gobernanza a perspectiva da integridade institucional. Pode accederse ao PEG-2030 no seguinte enlace:

<https://www.planestratexico2030.gal>

Medida 1.3. Habilitar unha canle específica de denuncias

Con máis dun ano de anticipación á publicación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, a Xunta de Galicia habilitou en xaneiro de 2022 unha canle de denuncias relativas á integridade institucional, a través da cal calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa informante, que non poderá sufrir, nin durante nin despois da investigación ningún tipo de medida que implique calquera forma de prexuízo ou discriminación.

Sen prexuízo de preservar as garantías de indemnidade calquera que sexa a forma de presentación da información, como unha garantía adicional, preveuse o establecemento de dous tipos de presentación:

En primeiro lugar está dispoñible a presentación con plena identificación da identidade da persoa informante, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR006A&ano=2022&numpub=1&lang=es>

Adicionalmente, preveuse unha canle para a presentación de información con carácter anónimo, de xeito que os órganos que deban investigar a información

non coñezan a identidade nin os datos persoais da persoa informante. Pode accederse a esta canle de denuncias a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Ademais, o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de decembro de 2021 preveu os mecanismos de tramitación das informacións recibidas e a existencia dun comité de ética. Estes mecanismos foron novamente incorporados na revisión e actualización do Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado polo Consello da Xunta en maio de 2023, e que ademais inclúe as previsións recollidas na antedita Lei 2/2023, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

A este respecto, o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia establece os mecanismos de investigación e tramitación das comunicacións recibidas, e prevé que co fin de asesorar sobre o cumprimento da política de integridade, e en especial sobre o tratamento das comunicacións por irregularidades, constitúese un Comité Ético formado por persoas expertas no ámbito da integridade, de recoñecido prestixio, que actuarán de xeito independente prestando asesoramento na xestión das comunicacións presentadas.

O Comité Ético está composto por unha persoa representante do centro directivo competente en materia de avaliación e reforma administrativa, unha representante da Asesoría Xurídica Xeral, unha representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, unha representante do Valedor do Pobo e unha docente universitaria que imparta grao en dereito, e constituíuse o 28 de abril de 2022.

Desde a posta en funcionamento desta canle de denuncias o 29 de xaneiro de 2022 na sede do Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI), recibíronse

un total de 44 denuncias no ano 2022, maioritariamente de persoas externas á Xunta de Galicia e dirixidas en moitos casos contra supostas infraccións de particulares ou por un funcionamento incorrecto dun servizo público. De todas elas, só 5 foron tramitadas como denuncias en materia de integridade (procedemento PR006A), e as restantes foron reconducidas a outros órganos para a súa tramitación.

Unha grande parte das denuncias tiñan o contido dunha queixa sobre o funcionamento supostamente anómalo dos servizos públicos e polo tanto reconducíronse ao procedemento xeral de queixas e suxestións.

Polo que respecta ao ano 2023, recibíronse un total de 121 comunicacións, das cales 49 foron arquivadas, 43 foron reconducidas ao procedemento de queixas e suxestións ou a outros procedementos específicos da Xunta de Galicia, 14 foron remitidas ao órgano destinatario correcto da comunicación ao non ser obxecto do Sistema interno de información da Xunta de Galicia, e 11 foron trasladadas aos órganos competentes para a instrución, no caso de ser procedente, dos procedementos oportunos (a este respecto debe terse en conta que dende a revisión e actualización do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude tamén son obxecto da canle de denuncias as comunicacións relativas a infraccións administrativas), outras 3 comunicacións estaban duplicadas e 1 foi obxecto de desistimento pola persoa comunicante.

No ano 2024, recibíronse un total de 230 comunicacións, das cales 102 foron arquivadas, 3 foron reconducidas ao procedemento de queixas e suxestións ou a outros procedementos específicos da Xunta de Galicia, 57 foron remitidas ao órgano destinatario correcto da comunicación ao non ser obxecto do Sistema interno de información da Xunta de Galicia, e 68 foron trasladadas aos órganos competentes para a instrución, no caso de ser procedente, dos procedementos oportunos (como xa se indicaba no parágrafo anterior, debe terse en conta que dende a revisión e actualización do Plan xeral de prevención de riscos de xestión

e medidas antifraude tamén son obxecto da canle de denuncias as comunicacións relativas a infraccións administrativas).

Medida 1.4. Regulación dos lobbies ou grupos de interese

Na actualidade está en tramitación pola Administración xeral do Estado o Anteproxecto de Lei de Transparencia e Integridade nas Actividades dos Grupos de Interese, polo que a regulación autonómica agardará a coñecer o contido desta norma.

Medida 1.5. Regulación unitaria dos conflitos de interese

Se ben tamén está en tramitación unha norma estatal neste eido, o Anteproxecto de Lei de Prevención de Conflitos de Intereses do persoal ao servizo do sector público, xa se adoptaron avances en relación coa prevención dos conflitos de intereses a través do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado o 10 de decembro de 2021 e actualizado e revisado polo Consello da Xunta en maio de 2023.

(<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>)

No apartado 3.2 do Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado en maio de 2023, baixo o título “Medidas relativas ao sistema de prevención dos conflitos de intereses”, recóllese unha regulación moi detallada do tratamento a dar nos casos de conflito de interese.

Por un lado, as persoas que ocupen altos cargos deberán realizar unha análise do eventual conflito de intereses á luz do contido das bases reguladoras e convocatorias de subvencións, así como dos pregos de contratación, cuxa concorrencia no procedemento puidese xerar algún tipo de influencia na obxectividade e imparcialidade da súa actuación.

Analogamente, no momento da proposta de concesión das axudas ou de adxudicación dos contratos deberán realizar unha análise das persoas

propostas para adquirir a condición de beneficiarias ou contratistas respecto das que puidese existir un posible conflito de intereses.

En particular, nas áreas de contratación e subvencións asinarán a DACI (Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses) en dous momentos distintos:

1. Coa aprobación das bases reguladoras ou do expediente de contratación.
2. Coa concesión das axudas ou a adxudicación do contrato.

Respecto do persoal empregado público que interveña na redacción de bases reguladoras e convocatorias de subvencións ou na elaboración das prescricións técnicas ou das cláusulas administrativas dos contratos, deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI). A verificación deste extremo realizarase no momento de aprobación das bases reguladoras ou do expediente de contratación.

Do mesmo xeito, o persoal que participe nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación deixará constancia dos extremos referidos na declaración anterior, logo de coñecer a identidade das persoas solicitantes da subvención ou dos licitadores. A verificación deste extremo poderase realizar mediante declaración persoal de cada membro, sempre con carácter previo á fase de valoración e a sinatura da resolución de concesión das axudas ou adxudicación do contrato.

Finalmente, regúlase o procedemento a aplicar en caso de apreciación de existencia dun posible conflito de interese, tanto no caso de apreciación pola propia persoa afectada como por parte de terceiras persoas.

Deste xeito, se ben non se procedeu a unha regulación nun instrumento de carácter normativo dende un punto de vista formal, dende unha perspectiva material os contidos relativos ás situacións de conflitos de intereses si foron

actualizados a través doutros instrumentos, en concreto, a revisión e actualización do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da xunta de Galicia levada a cabo o 19 de maio de 2023.

Medida 1.6. Formación en materia de integridade

O Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 preveu nas súas medidas 1.6 e 2.1.6, a inclusión nos plans de formación continua da Escola Galega de Administración Pública da ética pública e da integridade institucional con carácter xeral para todo o persoal empregado público.

Pero ademais, indica que “incorporarase nese plan unha parte específica de formación como ferramenta ao servizo da sensibilización en integridade e ética pública dirixida de forma diferenciada a distintos colectivos en ámbitos específicos”, esta previsión implica a identificación de postos ou colectivos profesionais nos que se considere especialmente relevante a formación nesta materia, e a introdución de formación específica para estes colectivos na materia de integridade e ética pública. Igualmente, prevese o establecemento de “formación diferenciada para os altos cargos e o persoal directivo do sector público autonómico”, o que supón igualmente unha identificación e personalización da formación para os ditos postos.

Para dar cumprimento a estas previsións, no Plan de formación da EGAP para o ano 2022, (DOG núm.247, do 27 de decembro de 2021) recóllense os seguintes cursos de formación específicos relativos á integridade institucional e a ética pública:

- Integridade institucional para o persoal responsable na materia, 1 edición, presencial, 25 prazas.
- Integridade institucional para todo o persoal empregado público, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

Posteriormente, no DOG núm. 208, do 2 de novembro de 2022 publicouse a Resolución do 25 de outubro de 2022 pola que se convocan actividades de formación continua en materia de economía pública, que incluíu a convocatoria do seguinte curso relativo á integridade na área da contratación pública:

- Aplicación práctica da Lei de contratos. A integridade institucional e a prevención da corrupción, dirixido preferentemente a persoal relacionado coa contratación pública, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

Así mesmo, no Plan de formación da EGAP para o ano 2023, (DOG núm. 247, do 29 de decembro de 2022) recóllense os seguintes cursos de formación específicos relativos á integridade institucional e a ética pública:

- Aplicación práctica da Lei de contratos. A integridade institucional e a prevención da corrupción, 1 edición, teleformación, 50 prazas.
- Integridade institucional e plans antifraude, 1 edición, teleformación, 50 prazas.
- Xestión e control do FSE+ 2021-2027, peche do FSE e POEX 2014-2020 e medidas antifraude, 1 edición, presencial, 20 prazas.
- Xestión e control do programa operativo Feder Galicia: directrices de peche do período 14-20 e posta en marcha do PO Feder Galicia 21-27. Especial atención ás medidas antifraude, 1 edición, presencial, 30 prazas.
- Integridade e prevención na contratación pública, 1 edición, telepresenza, 40 prazas.
- Plan de medidas antifraude para a xestión dos fondos MRR, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

- Prevención, detección e loita contra a fraude e conflito de intereses na xestión dos fondos europeos agrícolas, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

En febreiro de 2023 publicouse a Resolución do 16 de febreiro de 2023 pola que se convocan as actividades de formación continua do Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP), na que se inclúe o seguinte curso:

- O Mecanismo de recuperación e resiliencia e os plans de prevención da fraude, a corrupción e o conflito de intereses, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

En agosto de 2023, publicouse a Resolución do 18 de agosto de 2023 pola que se convocan as actividades de formación continua do Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP), na que se inclúe o seguinte curso:

- Integridade e prevención na contratación pública, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

Adicionalmente, a finais de 2023, celebráronse seis webinarios co título “A integridade institucional na Xunta de Galicia para persoal de novo ingreso” destinados ao persoal de novo ingreso de Administración xeral da Comunidade Autónoma dos subgrupos A1 (corpo superior), A2 (corpo de xestión), C1 (corpo administrativo) e C2 (corpo auxiliar). Nestes webinarios participaron un total de 169 empregados e empregadas públicas.

Respecto do ano 2024, o mércores 7 de xaneiro de 2024 foi publicada a Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se publica o Plan de formación da EGAP para o ano 2024, na que se recolleron os seguintes cursos:

- Integridade institucional e plans antifraude, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

- Xestión e control do programa FSE+ Galicia 2021-2027, 1 edición, presencial, 30 prazas.
- Xestión e control do programa de Galicia Feder 2021-2027, 1 edición, presencial, 30 prazas.
- Integridade e prevención na contratación pública, 1 edición, teleformación, 50 prazas.
- Prevención, detección e loita contra a fraude e conflito de intereses na xestión dos fondos europeos agrícolas, 1 edición, teleformación, 50 prazas.
- A xestión do mecanismo de recuperación e resiliencia e os plans de prevención da fraude, a corrupción e o conflito de intereses, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

En febreiro de 2024 publicouse a Resolución do 14 de febreiro de 2024 pola que se convocan as actividades de formación continua do Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP), na que se inclúe o seguinte curso:

- A xestión do mecanismo de recuperación e resiliencia e os plans de prevención da fraude, a corrupción e o conflito de intereses, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

En maio do 2024, publicouse a Resolución do 10 de maio de 2024 pola que se convocan as actividades de formación continua do Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP), na que se inclúe o seguinte curso:

- Integridade e prevención na contratación pública, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

Adicionalmente, en xuño de 2024, celebrouse o webinar "O sistema de integridade institucional da Xunta de Galicia", dirixida tanto ao persoal

empregado público como á cidadanía (profesionais e persoas interesadas na materia impartida).

Deste xeito, esta medida enténdese finalizada no relativo a tódolos exercicios que abrangue o Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión.

Sen prexuízo do sinalado, así mesmo, no 2025 contémplase a realización, en febreiro e marzo, de oito webinarios co título "A integridade institucional na Xunta de Galicia para persoal de novo ingreso" destinados ao persoal de novo ingreso de Administración xeral da Comunidade Autónoma dos subgrupos A1 (corpo superior), A2 (corpo de xestión), C1 (corpo administrativo) e C2 (corpo auxiliar).

Ademais, no Plan de formación da EGAP para o ano 2025, contido na Resolución do 26 de decembro de 2024, que se publicou o mércores 15 de xaneiro de 2025, contéñense os seguintes cursos:

- Integridade institucional e plans antifraude, 1 edición, teleformación, 50 prazas.
- Xestión e control do programa FSE+ Galicia 2021-2027 e do programa FSE+ de Asistencia Material Básica, 1 edición, presencial, 30 prazas.
- Xestión e control do Programa de Galicia Feder 2021-2027 e do Programa de Transición Xusta de España 2021-2027, 1 edición, presencial, 30 prazas.
- Integridade e prevención na contratación pública, 1 edición, teleformación, 50 prazas.
- Prevención, detección e loita contra a fraude e conflito de intereses na xestión dos fondos europeos agrícolas, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

- A xestión do mecanismo de recuperación e resiliencia e os plans de prevención da fraude, a corrupción e o conflito de intereses, 1 edición, teleformación, 50 prazas.

Medida 1.7. Fomento e divulgación da cultura da integridade

Neste senso poden destacarse a publicación das unidades didácticas relativas á Cultura da integridade, que foron presentadas á comunidade educativa no ano 2021, dentro das actividades programadas na Semana da Administración Aberta e figuran publicada no Portal de Transparencia e Goberno aberto: <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>.

Medida 1.8. Creación dos órganos competentes de supervisión e control

O Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 preveu a creación de dous tipos de órganos de supervisión e control: a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da integridade e de prevención de riscos de xestión, e os órganos responsables da integridade e prevención de riscos de xestión das diferentes Consellerías e entidades instrumentais.

Neste eido os principais avances veñen marcados pola aprobación do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia o 10 de decembro de 2021 e pola súa actualización e revisión polo Consello da Xunta en maio de 2023.

Este Plan xeral recolle a previsión da designación dos responsable de integridade de cada Consellería e de cada entidade instrumental, indicando que os órganos e unidades responsables de integridade e prevención de riscos terán as seguintes funcións:

- A supervisión e avaliación do funcionamento regular e da correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, xunto coa detección de vulnerabilidades e a proposta de accións de mellora.
- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses e, en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.
- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

O Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia establece que as súas previsións se irían completando con plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude de cada unha das Consellerías da Xunta de Galicia.

Deste xeito, as distintas consellerías van nomeando aos seus responsables de integridade no seu propio plan específico. Así mesmo, nos plans específicos de cada centro directivo poderá designarse unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no ámbito concreto do centro directivo.

Finalmente, prevese que naquelas consellerías nas que, pola complexidade da súa estrutura organizativa ou polo número das entidades adscritas, se

considere preciso poderá crearse un comité de integridade que asumirá as funcións establecidas para os responsables de integridade e prevención de riscos e adicionalmente actuará como órgano de coordinación e consulta respecto das actuacións e medidas dos plans da consellería. Os comités de integridade estarán compostos por unha persoa proposta pola consellería e unha persoa proposta por cada unha das súas entidades adscritas e, se é o caso, polas persoas designadas para o apoio ao órgano ou unidade responsable da consellería nos diferentes plans específicos dos centros directivos adscritos.

Contan con comité de integridade oito consellerías. As restantes consellerías, así como as entidades instrumentais que dispoñen de plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude aprobado designaron os seus responsables de integridade.

Os distintos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude poden consultarse no seguinte enlace:
<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>.

Respecto da creación da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da integridade e de prevención de riscos de xestión, procedeuse á súa creación mediante o Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a actuación da Xunta de Galicia mediante grupos de traballo, se crea a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión e se racionalizan os órganos colexiados da Xunta de Galicia.

Eixo 2: Ética institucional

A) Obxectivo do eixo

O obxectivo deste eixo é revisar e actualizar o contido do vixente Código ético institucional en aras de fortalecer os valores e principios de conduta nel previstos.

Así mesmo, co obxectivo de velar pola boa praxis na xestión administrativa, prevese a elaboración e aprobación polo órgano competente, de protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación dos servidores públicos.

B) Medidas e accións incluídas no eixo: análise de cumprimento

Medidas	Temporalización				Cumprimento
	2021	2022	2023	2024	
Eixo 2: Ética institucional					
Medida 2.1. Código ético e de conduta					En curso
Medida 2.2. Protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación					En curso

Detalle das medidas:

Medida 2.1. Código ético e de conduta

Dentro desta medida a principal acción prevista consiste na actualización do Código ético institucional. A este respecto, debe sinalarse que se ben non se procedeu á actualización do Código ético dende un punto de vista formal, dende unha perspectiva material os seus contidos si foron actualizados a través doutros instrumentos, en concreto, a revisión e actualización do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da xunta de Galicia levada a cabo o 19 de maio de 2023 supuxo unha auténtica actualización dos contidos do Código ético, ao profundizar nas declaracións institucionais de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, na pormenorización dos pasos a seguir nos casos de existencia de situacións de posible conflito de intereses, tanto de

altos cargos como de persoal empregado público e na adopción de medidas de difusión e a creación dun buzón de integridade a disposición de todo o persoal empregado público da Xunta de Galicia.

Sen prexuízo de todos estes avances, estase a traballar nos primeiros borradores de actualización do código ético institucional da Xunta de Galicia, para que se recolla de xeito sistemático todos estes avances dos últimos anos.

Ademais, non debe obviarse que si se finalizaron accións concretas incluídas nas previsións do Programa marco de integridade institucional nesta medida.

Así, como se indicou en relación coa medida 1.5, xa se produciron novos avances neste eido coa aprobación do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, que estableceu compromisos relativos ao conflitos de intereses dos altos cargos cunha regulación diferenciada e específica da prevista para o restante persoal empregado público. Adicionalmente, coa firma da proposta de aprobación do plan específico de cada centro directivo, os altos cargos realizan unha manifestación expresa de compromiso co Código Ético e de comportamento íntegro e de loita contra a fraude.

En relación coa creación do comité de ética, cómpre remitirse ao indicado respecto á medida 1.3, e en relación coa formación ao indicado en relación coa medida 1.6, xa que as accións formativas sinaladas incorporan módulos relativos ao Código ético institucional.

Finalmente, no eido da difusión, o Código ético forma parte do contido incluído no novo Manual de Acollida dirixido especialmente ao persoal que adquire a condición de empregado público da Xunta de Galicia que figura publicado no Portal de Transparencia: <https://manualdeacollida.xunta.gal/portada>.

Medida 2.2. Protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación

En relación con esta medida, se ben non se procedeu á elaboración de protocolos, si se realizaron accións específicas en dúas das áreas das tres sinaladas como sensibles no Programa marco de integridade institucional, en concreto, en materia de contratación administrativa e de subvencións.

O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado o 10 de decembro de 2021, realizou unha análise dos principais riscos de xestión nos ámbitos máis sensibles de actuación, como son o de contratación e subvencións. Deste xeito procedeuse a unha análise dos principais riscos nestas áreas e a incorporación dunha serie de medidas preventivas para mitigar os ditos riscos. Así mesmo, tamén se incorporaron no indicado Plan xeral unha serie de bandeiras vermellas, ou sinais de atención, relativas ás áreas de contratación administrativa e subvencións.

Deste xeito, aínda que non se aprobou formalmente como protocolo, o Consello da Xunta de Galicia si aprobou unha serie de medidas preventivas que conteñen pautas de actuación nas materias de contratación pública e subvencións.

Como se recolle no apartado deste informe relativo ao eixo 4 do Programa Marco, os plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude de cada centro directivo e de cada entidade instrumental recollen unhas matrices de avaliación de riscos nas que, de forma sistematizada, se analizan os distintos riscos de xestión e se detallan as medidas implantadas para a súa mitigación.

Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional

A) Obxectivo do eixo

O obxectivo deste eixo é a implantación de políticas de recursos humanos orientadas ao mérito e á capacitación dos profesionais.

No ámbito da integridade institucional, a política de recursos humanos nas institucións públicas ten un papel esencial na promoción dun ambiente ético a través dos procesos de recrutamento, avaliación e promoción do persoal baseados nos principios de mérito e capacidade.

B) Medidas e accións incluídas no eixo: análise de cumprimento

Medidas	Temporalización				Cumprimento
	2021	2022	2023	2024	
Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional					
Medida 3.1. Procesos de selección e provisión					Non iniciada
Medida 3.2. Avaliación do desempeño					En curso
Medida 3.3. Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva dos postos de traballo e diminuír a taxa de temporalidade nos recursos humanos da Xunta de Galicia					Non iniciada

Detalle das medidas:

Medida 3.1. Procesos de selección e provisión

Esta medida non puido iniciarse debido á urxencia na tramitación de máis de douscentos procesos de estabilización que afectan a máis de seis mil prazas de empregados públicos e que deben resolverse de xeito urxente, o que centrou os esforzos en materia de selección de postos de traballo.

Medida 3.2. Avaliación do desempeño

A avaliación do desempeño é o procedemento polo cal se mide e valora a conduta profesional e o rendemento ou o logro de resultados do persoal

empregado público. Con esta finalidade está prevista a aprobación dunha norma de desenvolvemento da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia en relación coa avaliación do desempeño.

Como elemento previo da avaliación prevese a realización dun rexistro de tarefas nas unidades administrativas que permita optimizar as cargas de traballo e o establecemento de estándares no cumprimento dos obxectivos das unidades.

Aínda que non está aprobada a antedita norma, o certo é que o rexistro de tarefas xa está plenamente vixente en dous ámbitos: por unha parte, desde marzo do ano 2021 a actual Dirección Xeral de Simplificación Administrativa está a cubrir un rexistro de actividades, a modo de experiencia piloto para conseguir implantar un sistema de rexistro de actividades nas distintas unidades administrativas; por outra parte, todo o persoal empregado público en réxime de teletraballo debe levar un rexistro de tarefas que permita o seguimento e a comprobación do traballo que se realiza e do cumprimento dos obxectivos que se fixen no seu plan individual de traballo.

Medida 3.2. Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva dos postos de traballo e diminuír a taxa de temporalidade nos recursos humanos da Xunta de Galicia

Cómpre destacar que durante os anos 2022 a 2024 Xunta de Galicia está desenvolvendo máis de douscentos procesos de estabilización que afectan a máis de seis mil prazas de empregados públicos o que vai supoñer unha redución moi significativa da taxa de temporalidade.

Eixo 4: Plans de prevención e xestión de riscos de xestión

A) Obxectivo do eixo

O obxectivo deste eixo é a aprobación de Plans de prevención de riscos de xestión que afecten á integridade institucional en cada consellería e cada entidade instrumental integrante do sector público autonómico de Galicia.

B) Medidas e accións incluídas no eixo: análise de cumprimento

Medidas	Temporalización				Cumprimento
	2021	2022	2023	2024	
Eixo 4: Plans de prevención de riscos de xestión					
Medida 4.1. Identificación e avaliación de riscos de xestión					En curso
Medida 4.2. Determinación de accións de prevención de riscos de xestión					En curso
Medida 4.3. Determinación de mecanismos de supervisión e control					En curso
Medida 4.4. Información e comunicación					En curso
Medida 4.5. Supervisión do modelo					En curso
Medida 4.6. Formación					Finalizada

Detalle das medidas:

Medidas 4.1. Identificación e avaliación de riscos de xestión

O 10 de decembro de 2021 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

O devandito plan xeral incorpora unha análise dos principais riscos de xestión nas áreas de actuación que se consideran mais sensibles, a de contratación administrativa e a de subvencións.

Pero ademais o propio Plan xeral prevé que se irá completando cos plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude das distintas Consellerías. Para dar cumprimento a esta previsión, o propio Consello da Xunta aprobou tamén o 10 de decembro o modelo para a elaboración destes

plans específicos, baixo a premisa de que, sen prexuízo da primeira análise global realizada sobre os riscos de xestión nas dúas áreas citadas, a análise dos riscos debía concretarse en cada departamento.

No Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado en maio de 2023 prevese que cada centro directivo e cada entidade instrumental elabore un plan específico de prevención de riscos de xestión e de medidas antifraude no que se incluírán as matrices de avaliación de riscos das súas principais actividades. A estes efectos, neste plan inclúense os modelos de matrices para a avaliación de riscos de xestión en materia de contratación e subvencións.

Adicionalmente, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) elaborou uns modelos de matrices avaliación de riscos en diferentes ámbitos (encargos a medios propios, convenios, procedementos de inspección, sanción e autorización...) que permiten a cada centro directivo elaborar o seu propio plan específico que recolla as medidas preventivas que sexan precisas.

A 31 de decembro de 2023 contaban con plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude un total de 89 centros directivos e entidades, mentres que a 31 de decembro de 2024 contaban con plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude un total de 108 centros directivos e entidades, o que supón o 75,5 % do total de centros directivos e entidades do sector público autonómico de Galicia.

Todos os documentos anteriores foron obxecto de publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, nunha nova sección que se habilitou no dito portal: <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>

Medida 4.2. Determinación de accións de prevención de riscos de xestión

O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia non só realizou unha análise dos principais riscos de xestión nas áreas de actuación que se consideran mais sensibles, a de contratación administrativa e a de subvencións, senón que tamén incorpora unha serie de medidas previstas para a minimización de cada un dos riscos detectados.

Ao igual que ocorre coa identificación e avaliación dos riscos de xestión, que son concretados nos plans específicos de cada departamento, as medidas aplicables en cada un dos riscos concretos que adicionalmente se identifiquen nos distintos departamentos recóllense nos seus plans específicos.

No Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado en maio de 2023 prevese que cada centro directivo e cada entidade instrumental elabore un plan específico de prevención de riscos de xestión e de medidas antifraude no que se incluírán as matrices de avaliación de riscos das súas principais actividades, nas que se detallarán as medidas de mitigación ou atenuación dos riscos. Tanto nos modelos de matrices para a avaliación de riscos de xestión en materia de contratación e subvencións que se inclúen no plan como nos modelos de matrices de avaliación de riscos elaborados pola DXSAP se inclúen as accións de prevención dos riscos de xestión.

A 31 de decembro de 2024 contaban con plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude un total de 108 centros directivos e entidades.

Medida 4.3. Determinación de mecanismos de supervisión e control

O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia establece un catálogo de bandeiras vermellas, configuradas como elementos ou indicios que deben levar a unha avaliación das razóns polas que

se producen, indicando ademais o propio Plan xeral o órgano encargado da súa verificación e a periodicidade coa que se debe levar a cabo.

Con independencia destas previsións xerais, cada plan específico de prevención de riscos de xestión dos distintos departamentos contén o seu propio réxime de mecanismos de supervisión e control.

Do mesmo xeito, o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado en 2023 recolle, ademais dun listado de bandeiras vermellas, a previsión de que todos os centros directivos e entidades realicen un control periódico para verificar o cumprimento das regras do plan e os seus efectos prácticos. Con carácter xeral, o devandito control será anual e poderá ser efectuado polo órgano ou unidade responsable da integridade e prevención de riscos.

Medida 4.4. Información e comunicación

O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia preveu mecanismos de comunicación e difusión, tanto do propio plan xeral, como dos plans específicos que o complementan, os cales, a maiores, poden incorporar novas previsións de comunicación e difusión.

Tanto o plan xeral como os plans específicos figuran publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, nunha nova sección que se habilitou no dito portal: <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>

Do mesmo xeito, o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado en 2023 prevé que o mesmo plan así como os plans específicos de cada centro directivo ou entidade instrumental sexan difundidos entre todo o seu persoal, así como cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

Medida 4.5. Supervisión do modelo

O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia preveu mecanismos de supervisión, prevendo un seguimento do plan que debe realizarse como mínimo anualmente, sen prexuízo das accións que resulten necesarias en caso de detección de riscos ou de auditorías. Estas medidas de supervisión poden ser ampliadas polos distintos departamentos nos seus plans específicos.

O Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado en 2023 sinala que no caso de que se materialice un acto contrario ao sistema de integridade, o centro directivo/a entidade analizará os feitos ocorridos e determinará as modificacións que deben realizarse na estruturas e nos procesos de control.

Do exame das modificacións ou avaliacións realizados polos centros directivos e entidades poderase analizar a necesidade de introducir novas medidas ou modificar o plan xeral de prevención.

Respecto dos plans específicos de cada centro directivo ou entidade instrumental, cando se detecten resultados de auditorías ou feitos derivados de reclamacións ou queixas das que se poidan derivar indicios de irregularidades ou melloras que se poidan implantar nos procedementos, procederase a unha actualización dos plans específicos.

Finalmente, con ocasión do seguimento do plan xeral e dos plans específicos, procederase a valorar a necesidade de realizar a actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

Medida 4.6. Formación

En relación coa formación debe atenderse ao indicado en relación coa medida 1.6, xa que as accións formativas sinaladas incorporan módulos relativos aos plans de prevención de riscos de xestión.

Eixo 5: Consolidación da administración dixital

A) Obxectivo do eixo

O obxectivo deste eixo é consolidar o uso da administración electrónica, xa que esta constitúe en si mesma unha medida de control de riscos de xestión específica, dado que a utilización das Tecnoloxías da Información (TI) despersonaliza a prestación de servizos e require que as normas e procedementos estean estandarizados e sexan explícitos para o funcionamento eficaz dos sistemas, e permite rastrexar decisións e accións.

B) Medidas e accións incluídas no eixo: análise de cumprimento

Medidas	Temporalización				Cumprimento
	2021	2022	2023	2024	
Eixo 5: Consolidación da administración dixital					
Medida 5.1. Configuración dixital dos procedementos administrativos					En curso
Medida 5.2. Interoperabilidade coas administracións públicas					Finalizada
Medida 5.3. Carpeta cidadá					Finalizada

Medida 5.1. Configuración dixital dos procedementos administrativos

Respecto da dixitalización dos procedementos administrativos que aínda non están dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, ao longo do ano 2021, detectáronse un total de 106 susceptibles de incorporación na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Sen prexuízo de dar por finalizado o proceso inicial de incorporación de procedementos, continuouse traballando na continua e progresiva dixitalización de procedementos ao longo de toda a vixencia do plan.

O Programa Marco de integridade institucional sinalaba a necesidade de prestar unha especial atención á dixitalización dos procedementos de contratación

pública. Así, procedeuse a un impulso das ferramentas electrónicas dispoñibles neste eido.

A ferramenta de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX xa está implantada no 98,99 % dos órganos de contratación da Xunta de Galicia e do sector público autonómico.

Ademais, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 10.06.2021 o calendario de implantación da ferramenta PLATION, para a tramitación electrónica integral do procedemento de contratación.

Actualmente a ferramenta está implantada no 50,51 % dos órganos de contratación da Xunta de Galicia e do sector público autonómico.

Medida 5.2. Interoperabilidade coas administracións públicas

No ano 2024 realizáronse 21.791.050 consultas a través de sistemas de interoperabilidade.

Medida 5.3. Carpeta cidadá

A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula a Carpeta cidadá da Xunta de Galicia, e a define como o conxunto estruturado de información e documentos en formato electrónico relativo ás relacións administrativas de cada persoa interesada, xerada nas súas relacións administrativas ordinarias co sector público autonómico de Galicia. A norma incide no carácter transversal da Carpeta cidadá, que é única para o conxunto de órganos e entidades do sector público autonómico de Galicia.

Durante o ano 2024 incorporouse á carpeta cidadá información procedente de 530 procedementos.

Ademais, o 13 de decembro do 2023 púxose a disposición da cidadanía a aplicación XuntaEu, que é a aplicación móbil que dá acceso aos principais

servizos de administración dixital da Xunta de Galicia. Esta aplicación posibilita, entre outros servizos, xestionar o usuario de Chave365 (cambiar a clave de acceso, renova-la, modificar o teléfono móbil ou darse de baixa), consultar expedientes e presentacións como na sede electrónica da Xunta, consultar as notificacións electrónicas, ter a disposición os apoderamentos outorgados ou recibidos a través do Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia, comprobar a validez dos documentos asinados electronicamente (CVE), así como consultar os certificados e ter acceso ás tarxetas ou carnés emitidos pola Xunta de Galicia. Así mesmo, permite consultar e modificar os datos persoais que constan na carpeta cidadá, recibir avisos personalizados, e coñecer as citas solicitadas para as oficinas de atención á cidadanía e de rexistro ou coas consellerías.

Eixo 6: Calidade normativa

A) Obxectivo do eixo

O obxectivo deste eixo é impulsar a calidade das normas da comunidade autónoma e un proceso transparente na produción normativa que se alinea con obxectivos de integridade.

B) Medidas e accións incluídas no eixo: análise de cumprimento

Medidas	Temporalización				Cumprimento
	2021	2022	2023	2024	
Eixo 6: Calidade normativa					
Medida 6.1. Mellorar a técnica normativa e os procesos de produción normativa.					En curso
Medida 6.2. Aumentar a transparencia da "pegada normativa"					En curso

Medida 6.1. Mellorar a técnica normativa e os procesos de produción normativa

Actualmente está en fase de elaboración unha guía para a elaboración de disposicións normativas, que sintetice e resuma os aspectos básicos do procedemento.

Medida 6.2. Aumentar a transparencia da "pegada normativa"

Sen prexuízo da posta en marcha doutras accións de impulso, a guía para a elaboración de disposicións normativas prevista na acción anterior incide na transparencia e na participación cidadá no proceso de produción normativa.



No ano 2023 tivo lugar un pulo no eido da participación da cidadanía, o que se reflicte no incremento porcentual no ano 2023 de procesos participativos postos a disposición da cidadanía e de suxestións recibidas respecto ao ano 2022.

No ano 2022 realizáronse un total de 81 procesos participativos e recibíronse un total de 920 suxestións. No ano 2023 realizáronse 121 procesos participativos e recibíronse 1217 suxestións, o que supón un incremento porcentual do 49 % en relación cos procesos participativos publicados e un 32 % de incremento en relación coas achegas recibidas.

No ano 2024 realizáronse 83 procesos participativos e recibíronse 636 achegas.

SEGUIMIENTO GLOBAL DO PROGRAMA

A análise global do grao de execución de todas as medidas do programa, reflicte un grao de execución axeitado: de 24 medidas, 21 están executadas ou en execución, mentres que só hai 3 que están pendentes de iniciar a súa execución.



Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025